



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino
32001 OURENSE



TECNI SYSTEM BROKER
CORREDURIA DE SEGUROS, S.L.



Comunicado nº 286/16 29 de novembro de 2016

□ MONTAÑA 2017.

Ante diferentes propostas de equipos participantes, e escuderías, para a vindeira tempada tentárase reducir custos e igualar o xeito participativo coas seguintes novidades:

- 1.- En cada subida marcarase un xogo de pneumáticos de seco (4 unidades) e terase que participar nas mangas oficiais (4) con eles exclusivamente.
- 2.- Nas mangas de adestramentos (2), unha o sábado e outra o domingo, os pneumáticos son libres.
- 3.- De pinchar, rebentar, ou desllantar un pneumático só se poderá, previa revisión dos Comisarios Técnicos e autorización dos Comisarios Deportivos, substituír a lamia-pneumático danado. Queda prohibida a monta do eixe (2 pneumáticos) en cuestión.
- 4.- Os pneumáticos de mollado (4 unidades) terán que ser marcados tamén, e rexerá así o mesmo co criterio do punto 3 deste comunicado.
- 5.- Muda o xeito do desenrolo do meeting, sábado e domingo, facendo a primeira manga de cada día de adestramento, e as dúas seguintes oficiais.
- 6.- Cada día terase que tomala saída, como mínimo para optar a clasificación final, nunha manga (adestramento ou oficial) aínda que non se chegue a meta.
- 7.- Para a clasificación final sumaranse as dúas mangas mellores, indistintamente xa sexan do sábado, ou do domingo.
- 8.- O parque de presaída-traballo ordenarase por número de menor (1) a maior. Si a asistencia e compartida outorgarase o lugar correspondente ó numero máis alto.
- 9.- É normativa de obrigado cumprimento baixalos vehículos participantes, despois de cada manga celebrada, de seguido do último participante e despois da chegada do vehículo "00" exclusivamente.
- 10.- Os vehículos da caravana só poden subir antes dos adestramentos, sábado e domingo, estando prohibido transitar polo treito antes das mangas oficiais.
- 11.- O Xefe de Seguridade Vial, despois de transitar polo treito antes do comezo do meeting e evacualo correspondente informe ó Director de Carreira e Comisarios Deportivos, só poderá transitar polo treito en caso de sinistro, actualización, e evacuación, para reposición das medidas de seguridade.
- 12.- Para a vindeira tempada as modalidades de regularidade "50" e "80" farán a media de 50 Km/h. e de 80 km/h. fixa en tódalas probas.
- 13.- Os vehículos da especialidade de regularidade que se dediquen a velocidade extrema, ou a conducción inadecuada, poderán ser excluídos do meeting. A reiteración en dúas probas conlevará apertura de expediente disciplinario e recusación de inscricións.
- 14.- As bridas dos vehículos turbo, e con compresor volumétrico, terán as mesmas medidas restrictoras que na especialidade de rallyes.

Comisión de Montaña da Federación Galega de Automobilismo